

Dña. Jéssica Fernández Polo, como voceira do grupo municipal de Xunt@s por As Pontes presenta a seguinte:

## MOCIÓN DE OPOSICIÓN AO TTIP

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No 2013, a Comisión Europea recibiu o mandato dos estados membros da Unión Europea (UE) de negociar cos Estados Unidos (EEUU) o Tratado Transatlántico de Comercio e Inversión (coñecido coma TTIP polas súas siglas no inglés), presuntamente coa fin de incrementar o comercio entre a UE e os EEUU reducindo non só as barreiras arancelarias (cuxo nivel é xa moi baixo), se non, sobre todo, as barreiras non arancelarias, co obxectivo da creación de emprego, o crecemento económico e a mellora da competitividade.

Dende entón, a UE e mais os EEUU están negociando, cun intolerable déficit de transparencia e de control por parte da cidadanía e dos seus representantes políticos (parlamentos nacionais e europeo), un amplo acordo de liberalización do comercio e as inversións que representa un serio perigo para a democracia e a debida protección dos dereitos laborais, medioambientais e de saúde, antepoñendo o interese comercial dos inversores e das empresas transnacionais (ETN) ao interese xeral.

#### 1.- Medidas de protección dos inversores.

##### a) Tribunal de arbitraje ou ISDS

Os EEUU e mais a UE intentan engadir no TTIP medidas para a protección dos inversores. No caso de presentárense conflitos por parte dos inversores cos Estados, un tribunal especial de arbitraje encargárase de resolvelos de acordo coa **cláusula de “Resolución de conflitos Inversor-Estado” (ISDS en inglés)**. Este tribunal tería competencias para impoñer compensacións económicas dos Estados aos inversores estranxeiros, sempre que estes demostraren que aqueles aplican certas medidas (por exemplo, o aumento de estándares medioambientais ou sanitarios) que reduzan os seus beneficios presentes ou futuros. O Estado non podería neste caso recorrer a sentenza, xa que as decisións dos órganos de arbitraje son firmes e non poden ser cuestionadas.

Isto significa, de feito, limitar a capacidade das Administracións Públicas de calquera nivel (estatal, autonómico ou municipal), para adoptar políticas nas áreas de saúde pública, medio ambiente ou protección social e laboral por temor ás posibles indemnizacións ás que terían que facer fronte ao ser demandados polas ETN.

#### **b) Organismo de Cooperación Reguladora**

O TTIP insta a creación dun ente permanente chamado Organismo de Cooperación Reguladora, que supervisará todas as regulacións e actos normativos da UE e dos seus Estados membros (incluídos os gobernos a nivel central e local), concernentes ao estipulado en calquera dos capítulos do TTIP, dando acceso directo aos *lobbies* empresariais para influír e modificar no seu beneficio a lexislación actual e futura.

A cooperación reguladora, tal como se pretende establecer no TTIP, tería coma consecuencia que calquera iniciativa regulamentaria municipal (por exemplo, elaboración das ordenanzas reguladoras dos polígonos industriais que inclúan criterios de sostibilidade no marco das Axendas 21 Locais) podería cuestionarse polas ETN, debendo pasar un filtro custo-beneficio e mais unha avaliación de impacto comercial para poder aprobarse, o que na práctica levaría ao seu bloqueo na maioría dos casos. Ademais, as posibles remunicipalizacións de servizos privatizados polos gobernos anteriores resultarían practicamente imposibles.

#### **2. Mercantilización e sometemento da soberanía dos estados ás grandes corporacións**

Este tratado suporía a mercantilización absoluta das nosas vidas e mais o sometemento total da soberanía dos estados aos intereses das grandes corporacións.

O TTIP, ao perseguir a liberalización total dos servizos públicos e mais a apertura da prestación dos mesmos ás ETN, así como ás compras e licitacións dos bens e servizos das Administracións Públicas, pon en perigo todos os servizos públicos e as compras públicas en todos os niveis de poder, e compromete a facultade dos representantes elixidos para administrar libremente as súas comunidades locais e promocionar a actividade industrial, o emprego e as iniciativas locais.

#### **3. Desmantelamento dos servizos públicos**

Se as negociacións sobre o TTIP seguen adiante, a lóxica imposta por este tratado levaría ao desmantelamento dos servizos públicos, así como á perda de liberdade dos poderes locais para subministrar os servizos necesarios que permitan satisfacer as necesidades sociais da súa poboación e a promoción de políticas de fomento da actividade industrial e do emprego local.

#### **4. Rebaixa dos estándares nas regulacións que protexen aos consumidores, traballadores e medioambiente**

Esta maior liberalización das relacións comerciais EEUU-UE, tal e como está concibida, implicaría unha rebaixa dos estándares europeos e estadounidenses, é dicir, das regulacións que protexen ao consumidor, aos traballadores e ao medioambiente, xa que ditas regulacións se enfrontan aos beneficios das corporacións. Desta maneira poríase fin ao “principio de precaución” vixente en Europa, que regula a lexislación sobre alimentación e dereitos dos consumidores europeos.

#### **5. Desmantelamento dos municipios**

A aprobación do TTIP contribuiría, no caso do Estado español, á planificada ofensiva do neoliberalismo conservador do goberno estatal de desmantelamento dos municipios, que

baixo o nome de Lei de racionalización e sostibilidade da administración local pretende tres obxectivos básicos:

- Restrinxir a democracia e a autonomía local.
- A supresión de competencias e servizos públicos locais.
- A total privatización dos servizos municipais.

As cidades e os municipios europeos recoñecemos a importancia do comercio de mercadorías e de servizos para o benestar da cidadanía. Sen embargo, a competitividade e o desenvolvemento económico non deberían de ser os únicos criterios para determinar os acordos comerciais tales coma o TTIP e similares (CETA, TISA). Asimesmo, os aspectos ecolóxicos e sociais teñen que terse en conta en calquera negociación comercial bilateral ou multilateral. Tamén é importante que se realice unha análise comparativa sobre os custes que se xerarían nestes ámbitos coa aplicación do tratado respecto ás supostas vantaxes que reportaría o mesmo. Esta análise non só debe abarcar os seus efectos económicos potenciais, senon tamén os impactos que o TTIP podería ter en ámbitos coma o social, o económico, o sanitario, o cultural e o medioambiental, tanto na UE coma nos EEUU.

Os gobernos rexionais da UE, así coma as corporacións locais e comunidades autónomas do territorio español, teñen dereito a ser informados sobre a lexislación que vai ser acordada a escala europea que lles poida afectar, para que desta maneira poidan expresar as súas opinións. Ese dereito non se facilitou ata o de agora ás distintas rexións e corporacións locais europeas respecto ás negociacións que se veñen producindo con relación ao TTIP

As Administracións Locais:

- Ao estar cerca das necesidades do seu pobo, teñen o deber de inxerencia respecto ao que se pretende co TTIP, así coma un deber de resposta ao mesmo, se non queren verse acusadas de non axudar á poboación e ao planeta en perigo.
- Sendo os canais axeitados para promover os servizos públicos e a industria e emprego locais, deben esforzarse na súa promoción coma resposta ao interese común.
- Están obrigadas a protexer os dereitos sociais, económicos e medioambientais, e a facer fronte aos perigos e esixencias que quere impoñer o TTIP aplicando prácticas hoxe prohibidas polas leis europeas. Cabe mencionar entre elas a produción de produtos químicos e farmacéuticos sen que a súa inocuidade esté comprobada cientificamente, a aceptación de alimentos modificados xenéticamente, o consumo de carne de tenreira e de porco tratado con hormonas, o polo esterilizado con cloro ou a extracción de gas por medio da técnica do fracking.

Polo anteriormente exposto, poñemos de manifesto que:

- O comercio e a inversión soamente poden contribuír ao ben común e conducir a intercambios económica e socialmente beneficiosos se respectan as necesidades humanas, e non se basean unicamente no beneficio dos especuladores financeiros e das empresas transnacionais.
- A eliminación programada e progresiva dos servizos públicos é tamén a eliminación programada e progresiva da solidaridade e da democracia.
- A apertura total dos servizos e das compras públicas á competencia do capital privado produce efectos contraproducentes en canto á súa accesibilidade, calidade e custe.
- Os dereitos sociais son dereitos inalienables, polo que non poden depender exclusivamente da lóxica do mercado.
- Só a existencia diversificada de servizos públicos socialmente útiles permite asegurar unha calidade de vida digna para todas e en todas partes, en estreito nexco co exercicio real da democracia.
- O control público debe preservarse para garantir o acceso aos bens comúns e á creación de novos servizos públicos, así coma para favorecer a industria e o emprego locais.

### **ACORDOS**

1. Declarar o Concello das Pontes coma concello insumiso e oposto ao TTIP, defendendo os servizos públicos básicos para a solidaridade e redistribución social.
2. Solicitar do Ministerio de Administracións Públicas do Goberno de Español:
  - O seu apoio a todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos chamados **servizos socialmente útiles**.
  - A derogación inmediata con carácter retroactivo da “Lei de racionalización e sostibilidade da administración local” para legislar no seu lugar unha nova normativa enfocada ao desenvolvemento da economía local.
3. Solicitar do Ministerio de Economía e Competitividade a suspensión das negociacións do TTIP e do TISA (Acordo Multilateral para a Liberalización e a

Privatización de Servicios Públicos), e a non ratificación do CETA (Acordo de Libre Comercio entre Canadá e a UE).

4. Solicitar igualmente do Ministerio de Economía e Competitividade que:
  - Disposicións do tipo ISDS non sexan engadidas en ningún futuro tratado de comercio ou inversións, e sexan eliminadas dos tratados actualmente en vigor.
  - O mesmo para disposicións sobre servizos públicos e a propiedade intelectual.
  - Evitar a participación directa ou indirecta das ETN, a través de calquera tipo de organismo ou *lobbies*, nos procesos reguladores ou normativos da UE e os seus Estados membros en relación con temas sociais, laborais, sanitarios, medioambientais ou calquera outra materia. Os entes reguladores públicos poderán en todo caso establecer consultas non discriminatorias con organizacións democráticas da sociedade civil.
  
5. Dar traslado deste acordo ao Goberno de España, ao da Comunidade Autónoma de Galiza e a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento Europeo, para que se rexistre e quede constancia do mesmo.

As Pontes, 28 de abril de 2016

Asd: Jéssica Fernández Polo

Voceira Xunt@s por As Pontes